

## «Hoxe é un día no que se manifesta a alma de Fisterra»

MARTA LÓPEZCARBALLO / LA VOZ FISTERRA



**BASILIO BELLO**

Presentada, nun acto moi emotivo, a nova antoloxía coordinada por Alexandre Nerium

12 nov 2023 .

«Dentro de centos de anos, nós non estaremos aquí, pero si o estará Fisterra. E cando a xente se pregunte que é **Fisterra**, dirán que é a casa de **Alexandre Nerium**». Ante un ateigado salón de plenos, **Xosé Henrique Rivadulla Corcón** —escritor, guionista, locutor e presentador— desfíxose onte en alabanzas para Francisco Manuel López Martínez durante a presentación da nova antoloxía que vén de coordinar, *Aquén do mar*.

Manolo de Fisterra. Manolo, o do Museo. Alexandre Nerium. Foi a de onte unha xornada tremendamente emotiva para un «xeneroso» poeta, home de mar e entusiasta guía. «Nunca

antes, na miña condición de alcaldesa, me sentín tan pequeniña no medio de tanta grandeza», dicía **Áurea Domínguez**, rexedora fisterrá, antes de dar paso ás intervencións, que foron coordinadas por Rivadulla Corcón. Comezou este dicindo que o de onte era un día no que estaba chamada a manifestarse «a **alma de Fisterra**».

E é que Manolo recolleu neste novo volume oitenta voces femininas unidas en torno a un nexo común: Fisterra. A poeta e xornalista **Eva Veiga**, cunha peza nesta antoloxía, agradeceu a Nerium polo «ben» que fai «neste mundo tan cruel», unhas verbas ás que se sumou a autora carballesa-muxiá **Rosalía Fernández Rial**: «Con esta antoloxía está agasallándonos a outras voces. É un acto de xenerosidade en si mesmo. Exercer de poeta na vida é unha obra de arte máis sublime do que pode ser escribir poesía», sinalou.



**BASILIO BELLO**

**Antón Lopo**, director da editorial Chan da pólvora, resaltou o «marabilloso» que foi traballar man a man con Manolo, mentres que o tamén poeta fisterrán **Modesto Fraga** —alcumado por Rivadulla Corcón como o «escudeiro de Nerium»— agradeceulle a este o papel fundamental que xogou na súa vocación literaria. «Comecei a escribir poesía por el», dixo.

Tras el, interveu a artista muxiá **Viki Rivadulla**, que falou no nome das ilustradoras que aportaron cor a esta antoloxía. Explicou que o proceso creativo foi un tanto singular, pois

non deseñaron en base a un texto, senón a unha idea: «Fisterra», dixo, «e o que nos fiou a todas foi esa Fisterra de Manolo». Quixo, tamén, poñer en valor o feito de que un home de mar recoñeza e fale do papel da muller de mar, «e que un home da escrita fale do papel da muller na escrita».

### MULLERES FARO

O protagonista da tarde foi, á súa vez, o encargado de pechar a quenda de discursos antes de dar paso ao recital poético que pechou o acto. E para deixar constancia desa xenerosidade que ao longo da velada tanto lle recoñeceron, non falou del mesmo, nin do seu traballo, nin do seu labor. «O traballo non foi de Manolo, foi todo delas!», dixo, moi emocionado pola presenza, entre o público, de referentes literarios como **Marilar Aleixandre** ou **Pilar Pallarés**.



**BASILIO BELLO**

Rematou contando a historia desas «mulleres faro» que «tantas vidas salvaron» guiando aos mariñeiros na súa aproximación ao litoral. «As mulleres foron os primeiros faros, e teñen que seguir tirando do mundo», concluíu o poeta.